



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica – A Coruña  
Teléfono 981183969 – Fax 981183679  
Email coruna@cigtelefonica.com  
www.cigtelefonica.com

## **Comité Provincial Seguridade Saúde N° 332 - 27 de marzo de 2008**

Na reunión previa comentase que o presidente do CPSS se dirixiu aos departamentos implicados na resolución das anomalías pendentes insistindo na urxencia de algunhas delas. Trátase o tema das reparacións en cintas e freos das escadas indicando que deberían quedar rematadas no primeiro semestre deste ano.

As 12:00 comeza a reunión do Comité Provincial.

**1.- Actas:** Asíñase a acta da reunión anterior.

**2.- Accidentes:** Durante este mes houbo 3 accidentes (1 grave e 2 leves). As Empresas Colaboradoras tiveron 4 accidentes leves. Faise entrega dunha pequena nota cunhas pautas sobre primeiros auxilios en caso de accidente, dende a CIG recordamos que quedaron de realizarse cursos presenciais e **insistimos en que debería abordarse a cuestión de xeito global**: Realizando un programa que incluíse todas as accións que se leven a cabo (cursos, charlas, notas informativas...) e non limitarse a entregar esta pequena nota.

**3.- Comentarios Actas CCSS, Subcomisión de Incendios e Grupo de denuncias**

**Edificios, Escadas e Planta Exterior:** A Técnica de Prevención fai un resumo das Actas do CCSS 381 e 382. O presidente do CPSS indica que se lle pide ao CCSS que envíe as actas ou cando menos os borradores con maior rapidez pero parece que isto non vai a ter efectos.

Sobre a acta 381 dende a CIG insistimos na resposta do CCSS que aparece nun dos anexos onde se indica que **as revisións das escadas tipo A deben ser feitas polos encargados e nunca por OTPIs ou Auxiliares** tal e como está pasando nesta provincia en O+M e I+M, o responsable do departamento toma nota para que se deixen de facer por este persoal.

Sobre a acta 382 dende a CIG pedimos información sobre o anexo 9 onde se envía ao CCSS o problema do alumeado de emerxencia en Vite, nesa acta se indica que o tema pasará a tratarse no pleno do seguinte Comité pero aínda non temos nin a acta nin o borrador polo que non se sabe nada. Con todo se comenta que a cousa semella ir para largo pois sempre hai problemas de presuposto para acometer as obras precisas.

O responsable da área fai un resumo do tratado polo Grupo de Denuncias na reunión previa. En abril haberá unha reunión para tratar as Avaliacións de Riscos das 4 centrais da Coruña. Dende a CIG preguntamos tamén polos ruídos das obras exteriores pois houbo unha reclamación ao respecto, informase que se mediu o nivel de ruído en RRHH e está dentro dos parámetros permitidos.

**4.- Puntos Pendentes:** Recordase que a sala de Espiño da terceira planta non debe de usarse mais de 15 minutos seguidos pois non está acondicionada para elo e fálase de novo dos Riscos Psicosociais na central de Hércules para ver si se tomaron as medidas pertinentes e si estas tiveron efecto, farase unha nova avaliación pero aínda non hai data.

**5.- Varios:** Coméntanse varios asuntos: Necesidade de revisión da sinalización dos cables pois estase deteriorando co tempo, realización dunha ficha para manexo de escadas e solicitude tamén de realización de Avaliación de Riscos nas centrais que se acometa algún tipo de obra como pasa en Cambre (regletas de OBAs) ou en San Pedro de Nos (regletas de ADSL).